kalandraka

Texto e ilustracións: **DAVID PINTOR**
Encadernado en cartoné. 25x17 cm.
64 páxinas a toda cor.
ISBN 978-84-8464-751-5
Prezo: 15 €

# COMPOSTELA




**...Tome o tempo que precise, vaia na procura do momento en que non teña nada que facer nin nada polo que preocuparse. Saia da casa, achéguese a esa acolledora cafetaría que tanto lle gusta. Pida un café ben quente, e mentres agarda a que llo sirvan, mire a través da ventá a fermosa paisaxe que se amosa...**
**(David Pintor)**

David Pintor comparte neste caderno de viaxe a súa visión máis persoal dunha das cidades históricas máis fermosas, acolledoras e entrañables, xa non só de Galicia ou de España, senón acaso do mundo enteiro. Coas súas peculiaridades, cos seus contrastes, coas súas sorpresas. Unha bici como medio de locomoción, unha libreta e un rotulador como medio de expresión, e un bo café como incentivo para cada paseo, son os fíos condutores deste libro de artista.

A través das súas páxinas, con máis de 30 ilustracións, percorremos a xeografía da cidade: dende os edificios máis antigos ata os máis modernos; prazas, rúas e espazos naturais; recunchos singulares e de visita obrigada... nos que abundan os elementos imaxinarios.

*Praza do Obradoiro - Cafetaría do Hostal dos Reis Católicos - Arco de Xelmírez - Catedral de Santiago - Capela da Orde Terceira de San Francisco - Facultade de Xornalismo - Avenida Xoan XXIII - Xardín do Hotel Costa Vella - Rúa das Campás de San Xoán - Rúa Xerusalem - Praza da Quintana - Cafetaría Literarios - Praza dos Irmáns Gómez - Centro Galego de Arte Contemporánea - Parque de Bonaval - Praza de Fonte Seca - Praza da Universidade - Praza de Mazarelos - Arco de Mazarelos - Cafetaría Derby - Rúa Nova - Rúa do Vilar - Ruela Entrerrúas - Travesía do Franco - Porta Faxeira - Alameda*

Sentimos o paso devagar do tempo, das nubes, da chuvia ou do sol. E así, os trazos e cores deste caderno son unha invitación a ver a cidade con outros ollos; ou a coñecer Compostela, a lembrala e, por suposto, a volver.





**DAVID PINTOR** (A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Dende 1993 pertence a Pinto&Chinto, que publican as súas viñetas en La Voz de Galicia. Recibiu o premio da Society of News Design. Tamén obtivo o Premio Curuxa do Humor, o Premio Hermes de humor gráfico, o Premio do Salón da Caricatura de Vila Real, o premio Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Bienal Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe e o Premio Ilustrador do Ano Città del Sole 2010. Foi seleccionado en 2007 e 2010 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

- **Temática**: caderno de viaxe
- **Idade recomendada**: todas as idades
- **Aspectos destacables**: percorrido visual por distintos espazos da cidade de Santiago de Compostela, con máis de 30 ilustracións
- **Aplicacións**: historia de Compostela, turismo, cultura

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com